



## Política social

# CCOO sae en defensa do emprego e da atención no asilo de Cambados

**O sindicato coida «moi preocupante» que a comarca de Arousa non conte con ningunha residencia de maiores pública**

**25-9-2024.** - Comisións Obreiras (CCOO) sae en defensa dos postos de traballo e da atención que precisan as persoas usuarias do asilo de Cambados. O sindicato ve «con fonda preocupación» as noticias sobre a intención de vender o inmoble, o pazo de Monte Sacro, onde unha congregación relixiosa xestiona a Residencia Nuestra Señora de La Valvanera.

Segundo a Federación e Pensionistas e Xubilados do sindicato (FPX-CCOO), o asilo atende a sesenta persoas e dá traballo a trinta. En caso de venderse o pazo, a comarca carecería de alternativas, pois non hai ningunha residencia de titularidade pública.

Por outra banda, CCOO subliña que nas instalacións se atende a colectivos «especialmente vulnerables» e con dificultades económicas que non poderían acceder a outro tipo de residencia.

### CCOO urxe as institucións a actuaren

Ante esta situación, CCOO urxe as diferentes institucións a tomaren cartas no asunto. O sindicato iniciou co alcalde de Cambados unha rolda de contactos coas Administracións públicas á procura dunha solución.

Neste encontro con Samuel Lago houbo coincidencia canto á necesidade de manter a residencia e a atención que se presta en Cambados, así como os postos de traballo. Non obstante, a entidade local non é capaz de afrontar en solitario a solución a este serio problema social.

Por tal motivo, a intención de Comisións Obreiras é concertar xuntanzas coa Deputación de Pontevedra e coa Xunta de Galicia, esta última como Administración que ten a competencia na atención ás persoas maiores.

### + Para máis información:

- Francisco Cuba, secretario de Comunicación da FPX-CCOO: 654 165 794

**Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2024**

GABINETE DE COMUNICACIÓN  
Horario: luns a venres, 9-18 h  
686 469 993 / 981 551 867 | [prensa@galicia.ccoo.es](mailto:prensa@galicia.ccoo.es)  
Máis información en: <http://www.ccoo.gal>